

Por resolución reitoral do 26.10.2018 convocouse un concurso para a contratación laboral de persoal docente, praza 18/1101, de axudante doutor da área de Dereito do Traballo e Seguridade Social, do Departamento de Dereito Público.

O 17.01.2019 Dna. Lara Munín Sánchez presenta un escrito no que formula recusación contra D. Jesús Martínez Girón, D. Alberto Arufe Varela, D. Xosé Manuel Carril Vázquez e D. Santiago Roura Gómez, na súa condición de vogais e secretario, respectivamente, da Comisión Xulgadora da praza de referencia.

Por Resolución Reitoral do 08.02.2019 resolveuse dispoñer a substitución dos profesores D. Jesús Martínez Girón, D. Alberto Arufe Varela, D. Xosé Manuel Carril Vázquez e D. Santiago Roura Gómez, na súa condición de vogais e secretario, respectivamente, da Comisión Xulgadora da praza 18/1101, de axudante doutor da área de Dereito do Traballo e Seguridade Social, do Departamento de Dereito Público, conforme ao establecido na normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, en adiante NPDILC, aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014.

Para o efecto de integrar a nova Comisión de Selección a precitada NPDILC establece que:

- A substitución do secretario (Profesor Roura) segundo o artigo 6.5 NPDILC corresponde ao *“profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade”*.
- A substitución dos tres vogais (Profesores Girón, Arufe e Carril) de acordo co antedito artigo 6.5 NPDILC realizarase *“polos seus respectivos suplentes”*. De acordo co Anexo II da convocatoria da praza 18/1101 a Comisión de selección virá integrada polos docentes designados suplentes (María Asunción López Arranz e Ricardo Pedro Ron Latas).

O artigo 6.1 NPDILC establece que: *“De acordo co previsto no art. 13.2. do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, as comisións de selección estarán formadas por cinco profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á sinalada para ocupar a praza convocada”* ao que o artigo 6.7 do mesmo corpo normativo engade a esixencia de que: *“Nas comisións de selección procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas”*.

Ao non constar na listaxe inicial de membros da Comisión o suplente do vogal 3º resta un membro para acadar o número total de 5 requirido pola NPDILC. Para o efecto o artigo 6.3 NPDILC establece que: *“De non existir número suficiente de profesores na área que reúnaos requisitos sinalados no apartado 6.1, designaranse profesores das áreas afíns que establece o anexo II desta normativa. No caso de persistir a insuficiencia, serán designados por sorteo profesores e profesoras das áreas con docencia no centro por teren materias obrigatorias ou de formación básica nos plans de estudo”*.

Á vista da inexistencia de área afín á de Dereito do Traballo e Seguridade Social no precitado Anexo II e de acordo coas previsións do precitado artigo 6.7, cómpre que, para actuar como vogal 3º, se proceda á realización dun sorteo entre profesoras *“das áreas con docencia no centro por teren materias obrigatorias ou de formación básica nos plans de estudo”* que cumpran os requisitos establecidos polo artigo 6.1 antes transcrito: *“con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á sinalada para ocupar a praza convocada”*.

Código Seguro De Verificación	h5IhWlPEOcc81sWTqjSUVw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	15/02/2019 13:27:27
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/h5IhWlPEOcc81sWTqjSUVw==">https://sede.udc.gal/services/validation/h5IhWlPEOcc81sWTqjSUVw==</a>		



Adicionalmente e, en previsión de eventuais baixas, cómpre que no dito sorteo se proceda á elección de tres docentes (profesores/as) que pasarán a integrar unha listaxe de vogais de reserva para substituíren, pola súa orde, aos vogais 1º, 2º e 3º respectivamente.

O sorteo, que será público, terá lugar o vindeiro 20.02.2019 ás 10.00 horas na Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente sita na Rúa da Maestranza núm. 9, andar 1º, 15001 A Coruña.

Unha vez realizado o sorteo, o resultado elevarase ao Consello de Goberno ao abeiro das previsións contidas no artigo 6.3 NPDILC.

A Coruña, 15 de febreiro de 2019

O Reitor

PD: o Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

(RR 12.1.2016, art 5.2)

Alberto Valderruten Vidal

**Lara Munín Sánchez**  
**Iván Vizcaíno Ramos**

<b>Código Seguro De Verificación</b>	h5IhWlPEOcc81sWTqjSUVw==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	15/02/2019 13:27:27
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/2
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/h5IhWlPEOcc81sWTqjSUVw==">https://sede.udc.gal/services/validation/h5IhWlPEOcc81sWTqjSUVw==</a>		

